Exame de Pendentes 2º parte 6 de febreiro de 2020

Nome_____ Curso_____

1. Na seguinte táboa están representados os valores de dúas magnitudes **directamente** proporcionais. **Calcula a constante** de proporcionalidade e complétaa

Magnitude A	4		12	9	
Magnitude B	64	6			3

2. Calcula o cuarto proporcional

a) $\frac{x}{7}=\frac{6}{2}$

b) $\frac{0,5}{3,5}=\frac{7,8}{x}$

c) $\frac{3,5}{2,1}=\frac{x}{4,2}$

d) $\frac{3,5}{x}=\frac{5,6}{2,8}$

3. Ernesto dedicou 7 horas a repartir publicidade e obtivo 42 €. Canto gañaría se lle dedicase 10 horas?

4. Calcula as seguintes porcentaxes

a) 20% de 700

b) 30% de 630

5. Nun televisor fixéronnos un 15% de desconto e pagamos 255 euros. Que prezo tiña o televisor?

6. Nunha vila galega 1620 persoas adícanse á pesca, o que representa o 36% da súa poboación. Cantos habitantes ten a vila?

7. María recibe o 48% do diñeiro das vendas que consegue. Se quere gañar 2976 €, canto terá que vender?

8. Calcula o valor numérico do polinomio $P(x)=3x^4-2x^3+x^2-1$ en:

a) x=1

b) x=-1

9. Efectúa os produtos indicados e, a continuación, reduce os termos semellantes:

a) $-8x^4+3x^2\cdot 2x^2$

b) $2x\cdot 5x+4x\cdot 3x$

c) $5x^2\cdot 2x^3-4x\cdot 2x^4$